

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 8 DE OUTUBRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o Plan de conservación do espazo natural de interese local Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarto (Vigo).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Itinerario peonil e ciclista na AC-133, eixe sur, treito Franza-Rilo, puntos quilométricos 7+200 - 8+550, coa clave AC/16/071.06, no concello de Mugardos (A Coruña).

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Decreto polo que se nomea secretaria xeral da Igualdade a Susana López Abella.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se aproba a ampliación da rede EuroVelo.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se aproba a creación da Comisión para a planificación e impulso de proxectos para financiar polo instrumento Next Generation (NGEU).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universitat Autònoma de



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Barcelona (España) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e un mil trescentos trinta e tres euros con trinta céntimos (61.333,30€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg (Alemaña) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, asinado o 19.9.2019, por un importe total de trinta mil douscentos cincuenta euros (30.250 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade do Minho (Portugal) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil seiscentos corenta e catro euros con noventa e seis céntimos (58.644,96 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Salamanca (España) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e tres mil cincocentos noventa euros con sesenta e oito céntimos (53.590,68 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade Complutense de Madrid (España) para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración, asinado o 12/04/2018 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para completar as axudas ao persoal investigador principal dos programas do Consello Europeo de Investigación, por un importe de setecentos mil euros (700.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a superación do límite máximo establecido no artigo 8.Tres.a) da Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, do crédito inicial do subconcepto 131.24, do capítulo I do orzamento de gastos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, para o financiamento da contratación de persoal laboral por acumulación de tarefas para a realización de tarefas de limpeza en centros educativos dependentes da consellería. Importe total: douscentos trinta e cinco mil trescentos trinta e nove euros con cinco céntimos (235.339,05€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o Servizo Galego de Saúde para a concesión de anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 e a exención de garantías consonte o artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, derivados da Orde pola que se aproban bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais e as adiccións, orientados a minimizar o impacto que a pandemia por covid-19 ten na saúde mental da poboación galega, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do IRPF xestionado pola Consellería de Sanidade, que prevé un importe total de catrocentos vinte e un mil setecentos corenta e seis euros con vinte céntimos (421.746,20€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe polo que se dá conta ao Consello da proposta de Lei Orgánica pola que se modifica a Lei Orgánica 3/1986, de 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, para a mellora do marco normativo e da seguridade xurídica na loita contra as epidemias

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre as axudas concedidas ás entidades locais en materia de residuos no eido da economía circular.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Informe final de execución do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Ano 2019.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a mellora do portal web de información sobre a covid-19 da Xunta de Galicia.

O COMPLEXO DUNA E AREAL DO VAO-BALUARTE CONVÉRTESE NO PRIMEIRO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de conservación do novo ENIL, un instrumento de xestión co cal se garantirá o equilibrio entre os usos e actividades permisibles na zona e a súa conservación durante os próximos seis anos*
- *Constitúe un conxunto paisaxístico que recolle hábitats naturais de interese comunitario representativos das dunas marítimas atlánticas e todo un referente nos procesos de recuperación ambiental dos sistemas dunares degradados*
- *A xestión deste espazo natural será municipal e guiarase por unha serie de medidas detalladas no propio plan, cun investimento previsto de 815.652,52€*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Plan de conservación do Espazo Natural de Interese Local (ENIL) Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarde, en Vigo, un instrumento que establecerá o réxime de usos e as actividades permisibles nel, así como as limitacións que se consideren necesarias para garantir a súa conservación.

Con este trámite, o conxunto formado polos areais do Vao e Baluarte cumpre todos os requisitos para converterse no primeiro ENIL declarado definitivamente no Concello de Vigo e no sexto de toda Galicia. O plan de conservación, redactado pola propia Administración local para un período inicial de seis anos, fixa a normativa e as medidas de xestión necesarias para garantir a conservación dos valores naturais presentes neste espazo natural, pertencente na súa totalidade ao dominio público marítimo-terrestre.

Deste xeito, o Goberno municipal de Vigo comprométese a garantir a conservación das especies e hábitats presentes neste espazo e, para iso, disporá dunha serie de medidas que se detallan no propio plan e dun financiamento previsto de 815.652,52 euros. Estes fondos investiranse principalmente en tarefas de restauración e conservación dos hábitats dunares, eliminación de especies invasoras, xestión do uso público e mantemento do ENIL, potenciación da conectividade do espazo co contorno, e protección da paisaxe. A ampliación do coñecemento científico e as accións de divulgación, sensibilización e educación sobre o ámbito do novo ENIL tamén están previstas no plan.

Cómpre recordar que os espazos naturais de interese local son aqueles lugares integrados nun termo municipal que polas súas singularidades son merecedores dalgún tipo de protección dos valores naturais que atesouran. Aínda que a declaración é competencia da Xunta e a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural deberá velar pola conservación deste tipo de espazos conforme as liñas marcadas nos plans correspondentes, son os concellos os que asumen o papel de promotores e a responsabilidade da xestión do ENIL.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Nos próximos días o *Diario Oficial de Galicia* publicará a orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se declara de xeito definitivo o espazo natural de interese local Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte, xunto co decreto de aprobación do seu plan de conservación, que esta mañá recibiu o visto e prace do Consello da Xunta.

Trátase do sexto ENIL declarado definitivamente na Comunidade e no primeiro no caso concreto da cidade de Vigo. Así, os outros ENIL galegos son, por orde cronolóxica de aprobación, Xunqueira de Alba (no concello de Pontevedra e declarado en 2012); Loio-Ruxidoira (no municipio lugués de Paradela e que obtivo a declaración definitiva como ENIL en 2013); Puzo do Lago (declarado en 2014 e localizado en Maside, Ourense); Río Gafos (en Pontevedra e cuxa declaración definitiva data de marzo de 2019); e Illas de San Pedro (o último en ser aprobado, en abril deste mesmo ano, e pertencente á cidade da Coruña).

Principais valores e característica

O ENIL Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte localízase na grande área paisaxística das Rías Baixas, na comarca de Vigo Litoral, de acordo coa clasificación fixada no Catálogo das paisaxes de Galicia. O seu ámbito abrangue unha lonxitude lineal ao carón da beira do mar de 780 metros e unha superficie de 11,40 hectáreas.

Así mesmo, está totalmente integrado no ámbito de aplicación do Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL), en concreto na unidade da paisaxe Canido, e dentro das áreas continuas de protección costeira e mellora ambiental e paisaxística.

Os areas do Vao e Baluarte son un referente nos procesos de recuperación ambiental dos sistemas dunares degradados. De feito, foi un gran sistema dunar sometido a unha forte presión na década dos 80, aínda que logrou recuperarse paulatinamente.

En canto á calidade ambiental do novo ENIL, o complexo constitúe un conxunto paisaxístico que recolle hábitats naturais de interese comunitario que son representativos das dunas marítimas atlánticas. Alberga unha representación diversa de especies, con comunidades vexetais como as dunas móbiles embrionarias, colonizadoras de primeira liña; as dunas móbiles costeiras colonizadas por *Ammophila arenaria* que conforman a segunda banda do sistema dunar; e as dunas costeiras fixas, con vexetación herbácea ou grises das costas atlánticas, con substratos fixos ou semifixos, colonizadas por herbáceas e pequenos arbustos resistentes á influencia do vento mariño.

Con respecto á fauna, destacan as aves sobre o resto de especies e, entre elas, o corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*), a garza real (*Ardea cinerea*), a garzota (*Egretta garzetta*), a gaivota de cabeza negra (*Larus melanocephalus*) e o gaivotón (*Larus marinus*).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Máis ocasionalmente, tamén se encontran exemplares de carrán cristado (*Thalasseus sandvicensis*), mazarico galego (*Numenius phaeopus*), bilurico común (*Tringa totanus*) e bilurico das rochas (*Actitis Hypoleucos*), pilro curlibico (*Calidris alpina*) e pilro bulebole (*Calidris alba*), ademais de moluscos como o caracol (*Theba pisana*).

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR UNHA SENDA PEONIL E CICLISTA ENTRE FRANZA E RILO, NO CONCELLO DE MUGARDOS, CUN INVESTIMENTO DE 500.000 EUROS

- *O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 33 predios necesarios para a construción deste itinerario na estrada autonómica AC-133*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará as obras a finais de 2020 ou principios de 2021 para executalas en 2021*
- *Actuarase en dous tramos da vía que une Fene e Mugardos: na marxe dereita desde a glorieta de conexión entre a AC-113 e a V.G.-1.2, ata Rilo; e, pola esquerda, desde o punto quilométrico 9+820 ao 9+910*
- *A intervención incorpora as principais suxestións presentadas ao proxecto, conectando os novos tramos ao itinerario de peóns da glorieta situada no punto quilométrico 8+550, que disporá de novos pasos de peóns*
- *A actuación completa o Plan de sendas de Galicia na comarca de Ferrol, que supón a construción de 10,7 km de itinerarios sostibles e seguros cun investimento duns 3,5 M€*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a execución dunha senda peonil e ciclista na estrada autonómica AC-133, entre Franza e Rilo, no concello de Mugardos.

O orzamento estimado polo Goberno galego para esta intervención ascende a preto de 500.000 euros, nos cales se inclúen os máis de 33.000 euros do pagamento das expropiacións dos 33 predios necesarios para esta actuación.

Este proxecto ten por obxecto a creación dunha senda compartida, para uso de ciclistas non deportivos e peóns, paralela a esta estrada autonómica que comunica Fene e Mugardos.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten previsto licitar as obras entre finais de 2020 ou principios de 2021 e executalas en 2021. O levantamento de actas previas será no primeiro trimestre do 2021.

O proxecto inclúe actuacións en dous treitos da vía autonómica: o primeiro executarase pola marxe dereita, comezando na glorieta de conexión entre a AC-113 e a vía de alta capacidade V.G.-1.2, no contorno do núcleo de Franza, e finaliza no núcleo de Rilo.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

No segundo treito, actuarase na marxe esquerda da estrada, do punto quilométrico 9+820 ao 9+910, para executar un itinerario polo trazado da cuneta transitable existente na actualidade, que dispón dun ancho insuficiente para a circulación peonil.

No deseño do proxecto dos novos itinerarios, dun ancho mínimo de 2 metros, prevese a diferenciación de pavimento, en función de se a senda percorre terreo máis urbanizado ou rústico. Na súa execución teranse en conta, ademais, os elementos existentes no seu contorno, como peches de terreos edificadas, poste de liñas eléctricas de media tensión e rede de drenaxe existente.

A obra complementase coa ampliación do paso peonil no contorno do punto quilométrico 9+900 para solucionar o estreitamento na actual beirarrúa existente.

Esta actuación incorpora, ademais, varias das alegacións e suxestións presentadas ao proxecto inicial, como a prolongación dos itinerarios peonís ata entroncar co seguinte itinerario de peóns actual, no contorno da glorieta situada no punto quilométrico 8+550 da estrada AC-133, e dispón novos pasos de peóns coa correspondente sinalización.

Na intervención inclúese a reforma da pendente lonxitudinal da senda á altura do punto quilométrico 7+760, co fin de que teña unha pendente máxima do 6%. Tamén se prevé a reposición dun treito de colector de saneamento na zona de execución dun novo muro, entre os puntos quilométricos 9+820 e 9+910.

Con esta actuación, o Goberno galego segue traballando no fomento da mobilidade sustentable, contribuíndo a desenvolver no contorno unha rede de vías de mobilidade non motorizada e alternativa ao vehículo privado, coas importantes melloras ambientais que isto supón.

Plan de sendas de Galicia na comarca de Ferrol

Este novo itinerario completa o Plan de sendas de Galicia na comarca de Ferrol, co que a Xunta promove a construción de itinerarios seguros, sustentables e integrados na paisaxe. A execución destas actuacións está cofinanciada con fondos FEDER 2014/2020.

Das 6 sendas programadas, 3 xa están rematadas e correspóndense cos itinerarios na estrada AC-133, no Ramo, ao seu paso por Fene; na AC-130, entre Mugardos e Ares; e na AC-141 en Cabanas, entre a nacional N-651 e o Camiño Carballo de Arriba.

Con respecto ás 3 sendas restantes, na cal se inclúe a intervención aprobada hoxe polo Goberno galego na AC-133 entre Franza e Rilo, neste momento estase a executar a senda na AC-116, ao seu paso polo municipio de Valdoviño. No caso da senda prevista na estrada AC-166, na parroquia do Val, en Narón, a Xunta licitou e executou as obras de forma dialogada co Concello, pero o contrato tivo que ser rescindido ante o rexeitamento



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

de parte dos veciños ao proxecto. O Goberno galego está á espera de que o Concello de Narón presente un proxecto viable e de consenso para a execución desa senda.

En total, o Plan de sendas na comarca de Ferrol permitirá habilitar 10,7 quilómetros de novos itinerarios seguros para peóns e ciclistas non deportivos en estradas de titularidade da Xunta de Galicia, cun investimento de case 3,5 M€

No seguinte plano pódese ver a zona na que está prevista a actuación entre Franza e Rilo:



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE SUSANA LÓPEZ ABELLA COMO SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE

- *Ocupou este posto desde outubro de 2011 ata o pasado mes de xuño*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Susana López Abella secretaria xeral da Igualdade, dependente da nova Consellería de Emprego e Igualdade. Repite neste posto que ocupou entre outubro de 2011 ata o pasado mes de xuño.

López Abella realizou estudos de Ciencias Empresariais na Facultade de Empresariais de Vigo e é colexiada en xornalismo polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

Conta con ampla experiencia en materia de igualdade ao ter estado á fronte da secretaría nos últimos nove anos, procedente da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, que desempeñou entre abril de 2009 ata outubro de 2011. López Abella foi ademais deputada no Parlamento de Galicia, onde traballou nas áreas de muller, política social, igualdade e traballo, entre outras.



A XUNTA INVESTIRÁ CASE 270.000 EUROS NA EXTENSIÓN DAS RUTAS CICLOTURISTAS EV1 E EV3 DA REDE EUROPEA EUROVELO

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe os traballos de sinalización dos tramos ampliados da Ruta dos Peregrinos (EV3) e a Ruta da Costa Atlántica (EV1) propostos pola Xunta e que a Federación Europea de Ciclismo validou o pasado xuño*
- *O investimento do Goberno galego na ampliación das redes cicloturistas integradas en EuroVelo supera os 410.000 euros, entre os case 270.000 euros dos novos trazados e outros 145.000 euros en actuacións previas*
- *Os dous itinerarios propostos pola Xunta ampliaranse en 565 quilómetros, uniranse en Cee e confluirán en Fisterra*
- *Trátase de dúas das redes cicloturistas máis importantes que conectan Galicia co continente europeo a través de rutas de longo percorrido que poderán ser empregadas por ciclistas e peregrinos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe as actuacións para levar a cabo a ampliación das redes cicloturistas EV1 e EV3 da rede europea EuroVelo. O Goberno galego investirá case 270.000 euros na extensión dos dous itinerarios validados o pasado xuño pola Federación Europea de Ciclismo (ECF) coa aprobación das dúas candidaturas impulsadas pola Xunta. Así, arredor de 200.000 euros corresponden á sinalización da EV1-Ruta da Costa Atlántica e máis de 71.000 euros á EV3-Ruta dos Peregrinos. A previsión da Xunta é ter rematada a finais de 2021 a execución de ambos os trazados que pasan por Galicia e que se ampliarán ata confluir en Fisterra.

Tras a aprobación das propostas, o seguinte paso será a redacción dos proxectos, valoración e fixación dos trazados, e agárdase que nun prazo de 18 meses se poida aprobar formalmente a integración destas dúas novas rutas á rede EuroVelo, a rede europea de rutas cicloturistas de longa distancia, permitindo poñer en valor os recursos turísticos con que contan estes itinerarios que poderán compartir ciclistas e peregrinos.

A comunicación por parte da ECF supón a confirmación do bo traballo que ata o momento levou adiante a Xunta para situar Galicia como destino de cicloturismo e que, ademais, encaixa na aposta da Comunidade por un turismo sustentable e respectuoso coa contorna que favorece o impulso económico e social dos territorios.

A Xunta leva investidos arredor de 145.000 euros no proxecto de sinalización, trazado e execución da Ruta dos Peregrinos ao seu paso por Galicia, que foi o primeiro trazado deste tipo que transcorre pola Comunidade. De feito, os traballos de sinalización desta ruta ata Santiago remataron en setembro coa colocación dos últimos paneis indicativos. Por tanto, a suma destas actuacións previas e as previstas coa implantación da extensión

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

das rutas EV1 e EV3 supón un investimento total do Goberno galego de máis de 410.000 euros na ampliación das rutas cicloturistas galegas integradas na rede EuroVelo.

Un dos dous itinerarios validado pola ECF é a EuroVelo 1-Ruta da Costa Atlántica, que se estende desde a fronteira portuguesa, na desembocadura do río Miño, e entra en Galicia ao longo da costa atlántica, desde o seu punto final actual en Caminha que se prolongará ata Valença por parte de EuroVelo Portugal, e prolongándose agora ata Cee, onde se unirá coa Eurovelo 3, punto en que ambas se conectan ata confluír en Fisterra, cunha extensión de 474,5 quilómetros.

Por outra banda, a EuroVelo 3-Ruta dos Peregrinos segue os pasos do Camiño Francés ata chegar a Santiago atravesando a Comunidade galega de leste a oeste e, desta forma, continuará o seu trazado desde Compostela seguindo o Camiño Fisterra-Muxía. En Cee unirase á EV1, pechando así un baleiro na rede para que os cicloturistas poidan continuar a súa viaxe nas rutas de EuroVelo e coincidindo, ademais, coa ruta de peregrinación Camiño de Fisterra-Muxía. Esta extensión suporá 91 quilómetros novos na rede.

Ademais de conseguir a ampliación cara a Fisterra, a aprobación destas dúas candidaturas permitiralle a Galicia contar no seu territorio con dúas das tres rutas EuroVelo que transcorren por España. O desenvolvemento destes itinerarios conta co apoio das coordinadoras de EuroVelo en España e Portugal, ademais de numerosos colectivos ciclistas e outras institucións. Actualmente a rede EuroVelo conta cun total de 19 rutas de longo percorrido con máis de 80.000 quilómetros en desenvolvemento ao longo de todo o territorio.

A XUNTA CREA UNHA COMISIÓN INTERDEPARTAMENTAL PARA PROMOVER E PLANIFICAR OS PROXECTOS GALEGOS QUE OPTARÁN AOS FONDOS EUROPEOS NEXT GENERATION

- *Galicia quiere anticiparse e aproveitar esta oportunidade para poñer en valor o potencial dos recursos naturais galegos e a capacidade das súas empresas a partir dunha aposta clara pola transición enerxética e dixital, a economía circular e a creación de emprego*
- *Ao Polo de Transición galego anunciado en xuño, e do que xa forman parte tres proxectos tractores para impulsar un centro de economía circular, outro de fabricación de fibras téxtiles e unha planta de hidróxeno verde, poderanse sumar novas iniciativas que avalíe este novo comité interdepartamental*
- *Á fronte desta comisión estará o presidente da Xunta e contará con representantes de todas as consellerías, así como co asesoramento e colaboración do Comité de Expertos Económicos*
- *Este mes terá lugar un foro de empresas tractoras para presentarlles os proxectos e promover a participación de socios industriais e tecnolóxicos*

A Xunta acordou na reunión do Consello desta mañá a constitución dunha comisión encargada de promover e planificar os proxectos galegos que se remitirán ao Goberno de España co obxectivo de optar aos fondos europeos Next Generation.

En total, a Unión Europea destinará 750.000M€ para responder ao impacto da pandemia da covid-19 e afrontar a transición enerxética e dixital. Por iso, Galicia leva tempo preparándose para aproveitar a oportunidade que supoñen estes fondos para impulsar a recuperación económica e poñer en valor o potencial de Galicia, tanto desde o punto de vista dos recursos naturais como da capacidade das súas empresas e centros de coñecemento.

De feito, o pasado mes de xuño a Xunta de Galicia anunciou o seu Polo Galego de Transición, que inclúe os tres primeiros proxectos tractores que se deseñaron en colaboración co Comité de Expertos Económicos para reactivar a economía galega tras a emerxencia sanitaria. Estas tres primeiras iniciativas -un centro para o impulso da economía circular, un centro de fabricación de fibras téxtiles sustentables a partir de celulosa soluble e unha planta de hidróxeno verde- permitirán crear arredor de 1.700 empregos a través dun investimento público-privado que pode acadar os 1.300M€.

Coa creación desta nova comisión preténdese coordinar, planificar e desenvolver máis proxectos vinculados ás áreas temáticas definidas polo Goberno e adaptados aos obxectivos e requisitos fixados pola UE para os plans de recuperación, que deben

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

responder a criterios de transición enerxética, dixital e creación de postos de traballo incrementando a resiliencia económica e social.

Galicia está en condicións de impulsar novas iniciativas de transición enerxética, cohesión social e territorial, dixitalización e innovación ou mobilidade sustentable que se estudarán e se concretarán nesta comisión interdepartamental da Xunta de Galicia, que estará encabezada polo presidente do Goberno galego e da que tamén formarán parte membros de todas as consellerías, así como do Igape, e que contará co asesoramento e colaboración do Comité de Expertos Económicos.

Por outra parte, para a xestión da tramitación administrativa dos proxectos que sexan validados pola comisión interdepartamental, creárase a Unidade de Proxectos Tractores dentro do Igape.

O prazo para ter os primeiros proxectos preparados, definidos e entregados ao Goberno para a súa defensa ante a UE remata en abril de 2021 -o 15 de outubro o Estado presentará o borrador dos seus proxectos-. Por iso, a constitución desta comisión no seo da Xunta é unha ferramenta fundamental para canalizar e deseñar os proxectos que mellor adapten o potencial galego ás exigencias europeas e poder impulsar, deste xeito, as cadeas de valor de sectores tractores da economía galega, aumentar a competitividade de produtos e tecnoloxías a través da I+D+i e a dixitalización, así como atraer novos investimentos.

Foro Next Generation Galicia

Co obxectivo de seguir avanzando no impulso dos proxectos tractores galegos, a Xunta organizará ao longo deste mes un foro de empresas tractoras: o Foro Next Generation Galicia, no cal se darán cita as principais compañías con capacidade para desenvolver iniciativas relacionadas coa economía circular, a dixitalización e a transición enerxética.

Concibido como unha primeira aproximación e como un evento que terá continuidade a través da creación de grupos de traballo, o obxectivo é presentarlles os proxectos que se está realizando na Comunidade e captar, deste xeito, socios industriais e tecnolóxicos que colaboren nestas iniciativas achegando a súa experiencia e capacidade, ademais de escoitar as súas propostas e avaliar a posibilidade de engadilas á listaxe definitiva de proxectos tractores que se remitirá ao Goberno de España.

A XUNTA PROMOVE O ESTUDO DO GALEGO EN ALEMAÑA, PORTUGAL E NAS COMUNIDADES DE CATALUÑA, CASTELA E LEÓN E MADRID CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 200.000 EUROS

- *O Consello dá o visto e praxe á renovación dos convenios coa Universidade do Minho, a Universitat Autònoma de Barcelona, a Universidade de Salamanca e a Universidade Complutense de Madrid para a docencia, a investigación e promoción da lingua*
- *Tamén se amplía a colaboración coa Universität Heidelberg de Alemaña para colaboración co Centro de Estudos Galegos da Universidade de Viena*
- *Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 36 universidades nacionais e internacionais*

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade renovou a súa colaboración con universidades de distintas partes do mundo para promocionar a lingua, a literatura e a cultura galegas no ámbito académico tanto en varias comunidades españolas como en países como Alemaña e Portugal, cun investimento superior aos 200.000 euros. En concreto, o Consello da Xunta deu luz verde á sinatura dos convenios coas universidades de Salamanca, a Autònoma de Barcelona, a Complutense de Madrid así como coa Universidade do Minho. Tamén se aprobou o incremento do apoio á Universität Heidelberg de Alemaña para a docencia do galego no Centro de Estudos Galegos da Universidade de Viena.

En virtude destes convenios, no eido internacional promoverase o estudo do galego tanto en Portugal como en Alemaña. Por unha banda, dáse continuidade á colaboración coa Universidade do Minho cun convenio que agora se estenderá ata 2022. Esta colaboración permitirá reforzar o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos plans de estudo do Instituto de Letras e Ciencias Humanas, cunha carga lectiva de galego de 84 horas extracurriculares de galego; con 45 horas lectivas para a materia de *Literatura e Cultura galegas* das licenciaturas de Estudos Portugueses e Lusófonos e Linguas e Literaturas Europeas; así como con 30 horas máis para a materia opcional de *Lingua e Cultura de Galicia* en varias licenciaturas da Universidade do Minho.

No caso de Alemaña, o Consello da Xunta autorizou ampliar o convenio asinado o ano pasado coa Universität Heidelberg, incrementando a contía en 30.250 euros máis que permitirán desenvolver un proxecto de colaboración co Centro de Estudos Galegos da Universidade de Viena, e ofertar ata 2022 dous cursos de lingua galega anuais e un seminario de estudos culturais e lingüísticos, así como o desenvolvemento de proxectos científicos comúns no ámbito da filoloxía galega. Con esta mellora, a colaboración da Xunta coa universidade alemá supera xa os 100.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

No ámbito nacional, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, tamén renova a súa colaboración coa Universitat Autònoma de Barcelona, por máis de 61.000 euros, coa de Salamanca por máis de 53.000 euros, e coa Complutense de Madrid, por 12.000 euros, facendo posible que se poidan estudar varios niveis de galego, así como de literatura e cultura galegas en cada unha destas universidades.

A maiores destas materias, as tres diferentes universidades organizarán actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura, da cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, etc. Ademais, durante a vixencia de cada un dos convenios acollerán o lector que destinará a Xunta de Galicia e adquirirán o material preciso para realizar as ditas accións.

Ademais da achega económica, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade prestará a orientación e o apoio pedagóxico e didáctico que demanden as universidades e difundirá as actividades desenvolvidas ao abeiro deste acordo.

Presenza do galego no ámbito académico

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 36 universidades (9 nacionais e 27 internacionais). Dentro delas, 27 contan con lectores –licenciados en Filoloxía Galega–, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de Lingua Galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Así mesmo, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

A XUNTA APOIA CON 700.000 EUROS O TRABALLO CIENTÍFICO DOS INVESTIGADORES MÁIS EXCELENTES DAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- *A Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as universidades de Santiago de Compostela e A Coruña asinarán un convenio para axudar a tres científicos de referencia a crear e consolidar as súas propias liñas de traballo*
- *As contías, con horizonte ata 2024, oscilan entre os 50.000 e os 400.000 euros*
- *O Sistema Universitario de Galicia dispón actualmente de 7 investigadores con axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC)*

A Xunta de Galicia continúa apoiando a investigación máis excelente no Sistema Universitario de Galicia (SUG) ao reforzar a actividade doutros tres científicos (dous Starting Grants e un Advanced Grants) cun total de 700.000 euros. Trátase de científicos de referencia, con axuda por parte do Consello Europeo de Investigación (ERC), que están desenvolvendo o seu traballo na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e na Universidade da Coruña (UDC). As contías, que prevén un período de catro anos (desde 2020 ata 2024) oscilan entre os 50.000 e os 400.000 euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a USC e a UDC para achegar esta axuda complementaria de 700.000 euros, co fin de que os investigadores principais beneficiarios dos programas Starting Grants (StG) e Advanced Grant (AdG), convocado polo ERC, poidan crear ou consolidar o seu propio equipo ou programa de investigación.

Os destinatarios das axudas son Javier Montenegro García (StG) e Carlos Salgado López (AdG) por parte da USC; e Elena Pazos Chantrero (StG), da Universidade da Coruña. Os tres súmanse aos 4 científicos excelentes, tamén con axuda do Consello Europeo de Investigación, con que conta o SUG. En concreto, na USC desenvolven a súa actividade 1 Advanced Grants e tres Starting Grants; na Universidade de Vigo hai unha investigadora Starting, e na Coruña dous investigadores Starting.

Destino das achegas

Estas partidas complementarias do Goberno galego deberán ir destinadas a financiar a contratación de persoal investigador ou auxiliar para o equipo dirixido polo investigador principal Starting Grants; para pequeno equipamento e material funxible, así como para os custos do mantemento dese material; para material bibliográfico; para adhesión a sociedades científicas; para formación do persoal do equipo relacionado coa actividade do proxecto; para desprazamentos vinculados coa dita actividade; para investigadores visitantes; e para organización de actividades de difusión e ferramentas de xestión do coñecemento e información, tales como aplicacións informáticas ou bases de datos, entre outros.

Investigacións pioneiras, creativas e arriscadas

Así mesmo, cómpre lembrar que o ERC busca impulsar a longo prazo proxectos de científicos excelentes e apoia a creación de equipos para que realicen unha investigación innovadora e potencialmente moi rendible, pero de alto risco. Trátase de impulsar a investigación punteira e de reforzar a excelencia científica, o dinamismo e a creatividade nas novas áreas, priorizando a axuda para realizar a transición á independencia co apoio axeitado, á creación ou consolidación do propio equipo ou programa do denominado persoal investigador principal.

Para conseguir o obxectivo de impulsar a próxima xeración de directores de investigación que acheguen novas ideas e enerxía, o ERC potencia a creación de equipos de investigación excelentes coa concesión de subvencións ao programa Grant (Starting, Advance e Consolidator), destinadas ao persoal con 2-7 anos de experiencia desde a finalización do doutoramento. As ditas axudas son a longo prazo, cunha duración de ata cinco anos, e están dirixidas a persoal investigador cun perfil que os identifique como líderes no seu ámbito, cunha traxectoria profesional científica moi prometedora e con proxectos pioneiros que abran novos camiños nos seus respectivos campos. O criterio único de avaliación é a excelencia científica da proposta.

A XUNTA REFORZA A LIMPEZA DOS CENTROS EDUCATIVOS CUN INVESTIMENTO ADICIONAL DE 1M€

- *Incrementarase o persoal nos 77 centros que o precisan e nos cales a competencia corresponde á Administración autonómica*

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade investirá case 1 millón de euros adicional no reforzo da limpeza dos centros educativos nos cales a competencia deste servizo lle corresponde, isto é, nos cales imparten ensinanzas de etapas posteriores á educación primaria e son de titularidade da Xunta. Este orzamento adicional equivale á contratación de 33 persoas a xornada completa e outras 51 a media xornada, coas que se atenderán as necesidades de reforzo deste servizo nun total de 77 centros (do total de 387 nos cales o xestiona a Administración autonómica).

Con esta medida, que estenderá a súa vixencia durante todo o curso escolar 2020/21, búscase dar resposta ao incremento de labores de limpeza que supuxeron as medidas determinadas polo Goberno central e integradas no *Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21*. Neste sentido, cómpre lembrar que neste documento se establece, entre outras medidas, a limpeza dos centros polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso; así como que, durante a xornada lectiva, unha persoa do servizo realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e, no caso dos aseos, de polo menos dúas veces na xornada.

Así mesmo, medidas adoptadas para favorecer a seguridade sanitaria nos centros, como o desdoblamento de grupos ou, nalgúns casos, a instalación de anteparos (que deben ser limpados a diario), exixen tamén incrementar o volume de limpeza e número de horas en que debe realizarse, dado que en moitos casos foi preciso facer máis quendas de clase para garantir a distancia de seguridade.

Con esta medida dáse resposta a este incremento de volume de traballo. A decisión parte do traballo de diálogo que se mantén desde a Consellería de forma constante coa comunidade educativa para escoitar as súas necesidades.

Competencia municipal

O acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta circunscríbese aos centros nos cales a Consellería ten a competencia de exercer o servizo de limpeza. No caso dos centros de infantil e primaria, esta competencia corresponde ás entidades municipais.

Neste sentido, a Asesoría Xurídica da Consellería de Educación elaborou un informe en que confirma que a competencia das entidades locais "é irrenunciábel", e especifica que

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

“a especialidade da desinfección covid-19 só está no incremento da frecuencia e intensidade das tarefas de limpeza e desinfección e no maior detalle e minuciosidade da limpeza das zonas con maior risco de exposición ou que poidan ser manipuladas por varias persoas. Pero non existe ningunha diferenza nin especialidade en canto ás tarefas en si que a limpeza e desinfección dos centros realizada con anterioridade ao inicio da pandemia”.

Así mesmo, engade que “aínda asumindo que se trata dunha actividade extraordinaria, por ese incremento das frecuencias e da intensidade no seu desenvolvemento, iso non é motivo para considerala fóra do ámbito competencial local antes mencionado, xa que o texto da lei non distingue entre actividade ordinaria ou extraordinaria[...]. Á vista do anterior, non é admisible a argumentación de que a desinfección covid-19 non estaría dentro da competencia das entidades locais de mantemento, conservación e vixilancia dos edificios de titularidade pública e da competencia de salubridade pública ao tratarse dunha actividade extraordinaria ou función nova”.

O SERGAS DESTINA MÁIS DE 420.000 EUROS PARA SUBVENCIONAR PROGRAMAS EN MATERIA DE TRASTORNOS MENTAIS E ADICCIÓNS

- *O obxectivo desta liña de subvencións é minimizar o impacto que a pandemia da covid-19 ten neste colectivo*
- *As axudas poderán ser solicitadas por entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro*

O Consello da Xunta autoriza hoxe a orde que regula a convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de programas sociosanitarios no ámbito dos trastornos mentais e as adiccións, orientados a minimizar o impacto que a pandemia por covid-19 ten na saúde mental da poboación galega. Estas patoloxías están suxeitas a un posible incremento na súa prevalencia debido ás medidas adoptadas para a contención da epidemia.

O Servizo Galego de Saúde destinará a esta convocatoria de subvencións un total de 421.746,2 euros. Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro. Os interesados terán o prazo dun mes para presentaren a súa solicitude ás subvencións, tras a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das bases reguladoras. Os beneficiarios poderán dispor do 100% da contía concedida en concepto de anticipo, con cargo aos orzamentos de 2020, para o desenvolvemento dos programas presentados.

En concreto, Sanidade promove actuacións para a realización de programas orientados á realización de melloras nos centros que desenvolvan programas asistenciais, psicosociais ou preventivos en materia de trastornos aditivos e trastornos mentais. Tamén se fomentarán os programas destinados á detección e intervención comunitaria de persoas en risco de presentar estes trastornos, e programas para favorecer a inserción laboral e social de persoas con trastorno mental severo e adiccións. É preciso que a realización de todos estes programas poidan levarse a cabo en condicións de distanciamento social e eventual illamento.

Estas axudas están enmarcadas no Plan de saúde mental poscovid-19 para o período 2020-2024, aprobado neste ano 2020. O Plan presenta varios eixes de actuacións e esta medida está no eixe denominado *A recuperación como meta*, que ten como obxectivo á atención sociosanitaria ás persoas con trastorno mental.

A Organización Mundial da Saúde xa advertiu que o impacto da pandemia da covid-19 na saúde mental das persoas perdurará a medio-longo prazo, e considera que o número de persoas que requirirán de atención en saúde mental pode chegar a unha de cada cinco, o dobre que en circunstancias normais.

A XUNTA ACHEGA AO GOBERNO CENTRAL UNHA PROPOSTA DE REFORMA DA LEI ORGÁNICA DE SAÚDE PARA LOITAR CONTRA A PANDEMIA DE COVID-19

- *O Consello da Xunta analizou hoxe a proposta, elaborada polos servizos xurídicos da Administración autonómica*
- *A lexislación sanitaria actual require dunha actualización que lle permita ser máis áxil e garantista á hora de actuar para controlar e previr a pandemia*
- *A proposta da Xunta propón incluír un catálogo de medidas limitativas e concretar os requisitos que se deben dar para adoptalas*
- *Establece que as medidas deberán ser sempre temporais e axustarse aos principios de adecuación, necesidade e proporcionalidade*

A Xunta achega ao Goberno central unha proposta de reforma da Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública, co obxectivo de actualizar a normativa estatal e que esta sexa máis áxil e garantista á hora de tomar medidas de control da pandemia de covid-19.

O Consello da Xunta analizou hoxe esta proposta, elaborada polos servizos xurídicos da Administración autonómica, que pretende ser unha contribución leal para que tanto o Goberno central como as comunidades autónomas conten con mecanismos útiles para exercer as súas respectivas competencias.

É preciso ter en conta que o estado de alarma é, por definición, unha medida excepcional e, polo tanto, non se debe entender como a única alternativa xurídica para facer fronte ás novas situacións causadas polo coronavirus. É máis, a propia lexislación que regula o estado de alarma remite á lexislación sanitaria para facer fronte á expansión de enfermidades infecciosas. De aí que contar cunha lexislación sanitaria actualizada sexa fundamental.

Así, a Xunta propón modificar a Lei orgánica 3/1986, texto cabeceira do marco normativo sanitario actual e que conta con máis de 30 anos de antigüidade, co obxectivo de que ofrezca a necesaria seguridade xurídica, tanto para as autoridades que deban intervir na adopción de medidas, como para as persoas destinatarias delas.

Catálogo de medidas limitativas e requisitos

Máis en concreto, a Xunta propón dar unha nova redacción ao artigo terceiro da Lei e incluír un catálogo de medidas limitativas que poidan ser adoptadas polas autoridades sanitarias para controlar enfermidades de carácter transmisible.

A proposta do Goberno galego achega unha posible listaxe destas medidas, que incluíría actuacións como control das persoas enfermas (illamento no domicilio...); sometemento ao tratamento adecuado; control dos contactos estreitos (corentena); sometemento das

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

persoas con síntomas a vixilancia do estado de saúde, exame médico ou probas diagnósticas; ou sometemento a medidas de prevención, incluída a vacinación, con información dos posibles riscos.

Neste catálogo de medidas limitativas tamén se propón incluír medidas de control de zonas afectadas, como a limitación de circulación e mobilidade; a restrición de agrupacións ou reunións de persoas, incluídas as reunións privadas entre non conviventes, ou a realización de probas diagnósticas en determinados grupos de poboación.

Todas as medidas requirirán de autorización xudicial.

Medidas adecuadas, necesarias e proporcionais

Ademais do catálogo, a Xunta propón introducir un novo precepto para regular os requisitos necesarios para a adopción desas medidas.

Neste sentido, propónse que as medidas de prevención se adopten coa urxencia que sexa requirida, isto é, sen necesidade de seguir un procedemento administrativo específico. Ademais, deberán tomarse de forma motivada e tras avaliar os principios científicos e información dispoñible, tendo sempre en conta o principio de precaución.

As medidas adoptadas deberán ser publicadas no diario oficial correspondente cando afecten unha pluralidade indeterminada de persoas e, cando se trate dun grupo determinado, deberase efectuar un trámite de audiencia. De ser imposible pola urxencia, o trámite de audiencia deberase efectuar no momento oportuno tras a aplicación da medida.

A proposta da Xunta inclúe tamén que as medidas deberán ser sempre temporais e que a poboación afectada debe ser informada.

Ademais, o texto propón que se recolla como límite absoluto o respecto á dignidade da persoa; a busca preferente da colaboración voluntaria; a imposibilidade de ordenar medidas que comporten riscos para a vida, e a utilización das medidas que menos prexudiquen os principios de libre circulación, a liberdade de empresa e calquera dereito afectado.

En definitiva, a adopción de medidas deberá ir sempre acompañada da necesaria xustificación da súa adecuación ao principio de proporcionalidade. Isto é, as medidas deben ser adecuadas -útiles para conseguir o fin proposto de protección da saúde pública-, necesarias -non existe outra medida alternativa menos gravosa-; e proporcionais -equilibradas, que deriven delas máis beneficios e vantaxes para o ben xeral que prexuízos-.

A XUNTA CONCEDE SUBVENCIONS POR IMPORTE DE CASE 3 MILLONS DE EUROS PARA AXUDAR OS CONCELLOS NA IMPLANTACION DA ECONOMIA CIRCULAR

- *O Consello da Xunta foi informado dos resultados das axudas convocadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a adquisición de puntos limpos móbiles, habilitación de espazos de autorreparación, impulsar a recollida de biorresiduos e a compostaxe*
- *Trátase da segunda convocatoria de axudas dirixida a colaborar na mellora dos residuos urbanos, polo que se impulsan case 70 iniciativas que atenden as necesidades de 265 concellos*

O Consello da Xunta foi informado na reunión desta mañá dos resultados das axudas concedidas ao abeiro da segunda convocatoria de subvencións destinadas ás entidades locais en materia de residuos. Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda colabora cos concellos, responsables directos da xestión dos residuos domésticos, no establecemento de medidas e proxectos para avanzar na implantación de economía circular.

En total, a Consellería subvencionará 69 proxectos aos cales se conceden 2,92 millóns de euros, dos cales 1,22 M€ corresponde á anualidade 2020 e 1,7 M€ á do vindeiro ano.

Esta orde de axudas establecía dúas liñas diferenciadas: a primeira destinada a favorecer a prevención, adecuada recollida, clasificación e preparación para a reutilización de residuos domésticos, entre as cales se inclúe a adquisición de puntos limpos móbiles, así como a posta á disposición da cidadanía de espazos de autorreparación e intercambio de obxectos e utensilios diversos (mobles, roupa, pequenos electrodomésticos,...) para conformar unha rede galega de establecementos públicos destinados á preparación para a reutilización, coa finalidade de alongar a vida útil dos materiais e obxectos, previndo a xeración de residuos domésticos.

Así, a Consellería subvencionará 26 proxectos de entidades locais por un importe global de 1.074.069 euros para as vindeiras anualidades. Entre elas, destaca o proxecto presentado pola agrupación de concellos de Boimorto, Curtis, Sobrado e Vilasantar, que recibirán una axuda de case 100.000 euros para adquirir un punto limpo móbil, e dos concellos da Arnoia, Beade, Cenlle, Cortegada e Leiro, que tamén presentaron unha solicitude a través da Mancomunidade do Ribeiro para un punto limpo móbil.

A segunda liña ten como obxectivo financiar actuacións de prevención, recollida separada e valorización dos biorresiduos, entre os cales se inclúen proxectos subvencionables como o fomento da compostaxe *in situ* e recollida separada da fracción orgánica dos residuos municipais, a partir de contedores, elementos ou medios materiais que contribúan a mellorar a cantidade e calidade deste servizo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

De feito, un 50% dos proxectos aprobados correspóndese con iniciativas para o fomento da compostaxe *in situ*, 35 dos 69 concedidos; unha das iniciativas que se incluíron como novidade na convocatoria que se resolveu, xunto coa posibilidade de adquirir camións para a recollida separada da fracción orgánica de residuos municipais.

Cómpre recordar que os chamados biorresiduos, cun peso de máis do 40% sobre o lixo total que se xera nos fogares, teñen que ser recollidos e tratados cunhas condicións específicas debido ao seu importante potencial para a elaboración de fertilizantes naturais, e de aí a importancia de dispoñer de vehículos especiais para ocuparse deles.

En definitiva, os proxectos subvencionados a cargo desta liña implican un investimento para as dúas vindeiras anualidades de 1.846.987 euros que, sumados ás iniciativas da liña 1, suman un importe global de 2.921.056 euros, fronte aos case 825.000 euros repartidos na primeira convocatoria.

Así mesmo, outra das melloras introducidas (respecto da primeira convocatoria) é - ademais de ampliar o tipo de proxectos obxecto de subvención- un maior prazo de execución dos proxectos, pois estamos ante un convocatoria bianual; e unha maior porcentaxe de financiamento (que acada o 100% fronte ao 80% da convocatoria anterior), así como maiores contías máximas.

Apoio aos concellos

Esta convocatoria de axudas, xunto cos 30 proxectos subvencionados ao abeiro da primeira convocatoria, supoñen unha oportunidade e apoio ás entidades locais para mellorar a xestión dos residuos que se xeran nos fogares; para acadar financiamento destinado a dotarse de ferramentas efectivas para que poidan acadar un modelo de xestión dos seus residuos adaptado ás exixencias europeas e estatais e, sobre todo, para avanzar cara a un novo escenario máis sustentable, facendo especial fincapé na prevención e a valorización dos residuos.

GALICIA TEN ACTIVAS O 56% DAS MEDIDAS DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O PERÍODO 2018-2022

- *A Comunidade aborda 66 das 118 actuacións previstas ata 2022 con medidas novas que garanten, entre outros, apoio aos menores orfos por mor da violencia e ás mulleres que resultan gravemente feridas*
- *A Xunta establece quendas de garda de atención psicolóxica e social e incorpora traballadores sociais ás oficinas xudiciais de atención a vítimas*
- *A transversalidade das medidas está a ser imitada por outras comunidades*

Galicia xa ten executadas 66 das 118 medidas encomendadas polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero para o período 2018-2022. As actuacións practicadas en 2019 supoñen o 55,9% do total das programadas para os cinco anos. A Xunta prevé acadar o horizonte co 100% de cumprimento dos obxectivos coa implicación e esforzo de todos os seus departamentos, que traballan na asistencia ás mulleres vítimas e aos seus descendentes menores de idade.

Para dar cumprimento aos seus obxectivos, Galicia conta con preto de 40 millóns de euros repartidos en cinco anualidades que recibe do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, a razón duns oito millóns por anualidade.

O Pacto de Estado, aprobado por todas as comunidades autónomas, prevé un total de 290 medidas, das cales algo menos da metade (o 40,6%) corresponden ás comunidades autónomas. Entre elas atópanse accións para a sensibilización e prevención da violencia, a coordinación na resposta institucional ás vítimas -con especial vixilancia para os seus descendentes menores de idade-, configuración de estatísticas ou visibilidade doutras formas de violencia que poden afectar as mulleres.

Tras a posta en marcha das medidas, Galicia ofrece como novidade o apoio integral a menores que quedaron orfos por mor dos actos de violencia machista, da cobertura económica e social ás vítimas gravemente feridas, organiza quendas de garda para a atención psicolóxica e social e incorporou, hai uns días, traballadores sociais ás sete oficinas de atención ás vítimas dos xulgados galegos.

Axudas a asociacións e apoio á contratación

As actuacións do Pacto permitiron, por outra banda, dirixir axudas específicas a 131 entidades locais, a 113 asociacións de nais e pais de centros escolares, a 102 asociacións de mulleres, e promover un programa de fomento da contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero para entidades locais e empresas forestais e agrogandeiras, con preto de 80 mulleres incorporadas ata o momento.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Todas as medidas postas en marcha pola Xunta repercutiron dalgún xeito na poboación galega xa que, ademais das medidas directas ás mulleres vítimas da violencia de xénero e aos seus fillos e fillas, se promoveron actuacións dirixidas á mocidade, maiores ou persoas que viven en contornos rurais.

Na procura da eficacia, a maioría de consellerías participaron activamente na posta en marcha das medidas, nun exemplo de transversalidade en todas as áreas de goberno, que está a ser imitado por outras comunidades que valoraron favorablemente este método de xestión.

Precisamente a implicación e o esforzo de todos os departamentos implicados no inicio e execución das medidas do Pacto de Estado fan que Galicia aspire a chegar ao seu horizonte en 2022 co 100% de cumprimento dos seus obxectivos.

A XUNTA DE GALICIA PON Á DISPOSICIÓN DA CIDADANÍA A PARTIR DE MAÑÁ A MELLORA DO PORTAL WEB DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19

- *A nova sección da web presentará, en mapas por concellos e por cores, a evolución das zonas de risco a 7 e 14 días*
- *A cidadanía galega poderá visualizar dunha forma doada a situación do coronavirus nos seus concellos, hospitais e áreas de saúde*

O conselleiro de Sanidade presentou esta mañá ao Consello da Xunta unha nova sección da web de información sobre a covid-19. Con esta iniciativa a cidadanía pode obter esta información dunha forma máis directa, máis sinxela e con maior detalle a través da web de datos do coronavirus.

Trátase dunha mellora na presentación dos datos de evolución da infección por coronavirus, tanto en contido como na súa representación gráfica. Así, poderá accederse á información a través de dous mapas, un para os casos acumulados nos últimos 7 días e outro para os casos acumulados nos últimos 14 días, establecéndose os niveis de alerta –verde, amarelo, laranxa e vermello- segundo os concellos de menos de 50.000 habitantes e os de máis de 50.000.

Esta sección web amosará, ademais, o impacto actual da enfermidade en Galicia con indicadores que reflictan pacientes con infección activa; pacientes actualmente hospitalizados e en coidados intensivos; pacientes contaxiados, curados e falecidos; casos confirmados por PCR nas últimas 24 horas e total de probas PCR e serolóxicas realizadas.

Tamén, a través desta mellora no portal web, se poderá acceder á evolución dun conxunto importante de indicadores desde o inicio da pandemia. Así, haberá datos de número de persoas diagnosticadas a través de PCR, por data; porcentaxe de persoas infectadas, por xénero; porcentaxe de falecidos desagregados por idade e porcentaxe de infeccións por tests PCR realizados.

Ademais de amosar a información de Galicia, poderanse obter os indicadores por área de saúde e a distribución dos datos de hospitalizados e UCI por hospitais públicos e privados.

Portal con información desde marzo

A Xunta iniciou o portal do coronavirus da información á poboación, aos profesionais sanitarios, a outros colectivos profesionais e aos medios de comunicación o pasado 13 de marzo.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Este portal supera a cifra de 2 millóns de accesos, de 1,3 millóns de usuarios distintos. O medio máis utilizado para a consulta é o móbil, cun 75% de uso, seguido do PC, cun 22,5%.

Os servizos aos que máis se accedeu ata o de agora foron o autotest do coronavirus, con máis de 835.000 accesos; o rexistro de viaxeiros, onde se rexistraron máis de 600.000 accesos, e a información xeral para a poboación, con 140.000 accesos.